

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015311	A Pinguela	Monforte de Lemos	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CMTCP01	Confección e moda	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0273	Empresa e iniciativa emprendedora	2023/2024	3	53	63

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA DEL PILAR GONZÁLEZ VÁZQUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de empresa e iniciativa emprendedora procura a adquisición de coñecementos, ferramentas e habilidades ó alumnado para poder iniciar unha actividade económica relacionada co sector do ciclo.

De xeito específico contribúe a algunhas das competencias xerais que se enuncian no curriculum:

1. Exercer os dereitos e cumprir as obrigas que se derivan das relacións laborais, consonte o establecido na lexislación.
2. Xestionar a propia carreira profesional, analizando oportunidades de emprego, de autoemprego e de aprendizaxe.
3. Crear e xestionar unha pequena empresa, realizando estudo de viabilidade de produtos, de planificación da produción e de comercialización.

As persoas que acadan o título exercen a súa actividade por conta allea ou por conta propia, e desempeñan o seu traballo na área do sector. Por iso, o módulo profesional de Empresa e iniciativa emprendedora contén a formación necesaria para desenvolver a propia iniciativa no ámbito empresarial, tanto cara ao auto-emprego como cara á asunción de responsabilidades e funcións no emprego por conta allea.

Por outro lado, ao alumnado do módulo háselle facilitar un coñecemento preciso sobre o sector na contorna, onde a maior parte das empresas son pequenas ou medianas, aínda que facendo referencia tamén á situación do sector en ámbitos máis amplos e establecendo comparacións coa situación do mesmo sector no conxunto de España e incluso no ámbito da Unión Europea. E iso, para que o alumnado sexa plenamente consciente de que empresa e contorno non poden desligarse, polo que sempre deberá terse presente o contorno no que a empresa vai desenvolver a súa actividade.

Xa que o alumnado do módulo debe adquirir as destrezas que resultan necesarias para poder desenvolverse axeitadamente no cambiante mercado de traballo, porque diso depende o seu futuro profesional, búscase que o alumnado valore sempre unha opción, que en determinados casos pode resultar a máis adecuada opción de futuro profesional, cal é a de establecerse por conta propia. Isto xustifica que nas actividades programadas se persiga o fomento da iniciativa ou cultura emprendedora.

Perséguese, ademais, que a iniciativa emprendedora que se fomenta no alumnado non quede truncada por non contar con coñecementos adecuados para ser quen de poñer en marcha unha empresa ou, cando menos, de saber onde obter as vías de asesoramento que están a disposición das persoas emprendedoras naquelas cuestións máis específicas en que se precise tal asesoramento, tanto no ámbito local de Monforte de Lemos como noutros ámbitos xeográficos máis amplos, ou no ámbito non xeograficamente limitado e máis global que supón Internet. A capacitación para a creación e posta en marcha dunha empresa é, por iso, un obxectivo que se persegue coas actividades programadas. E, para o caso de que se materializase a creación da empresa, o alumnado emprendedor debe contar cos coñecementos precisos para poder facer fronte ás funcións administrativas básicas que unha empresa pequena ou mediana do sector presenta.

As actividades programadas para o módulo de Empresa e iniciativa emprendedora, polo tanto, concretan e adaptan o currículo do ciclo ao contorno socioeconómico da comarca da Terra de Lemos, contorno onde resulta máis probable que o alumnado poida no futuro poñer en práctica as súas iniciativas empresariais, pero cunha visión ampla que lles facilitará, se así quixeren, desenvolver a súa iniciativa nun ámbito territorial distinto. E planifícase, ademais, prevendo tamén as características específicas que poida presentar o alumnado que cursa o módulo.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Innovación e emprendemento	Nocións sobre innovación, creatividade e espírito emprendedor.	10	16
2	Da idea de negocio á empresa	A empresa como manifestación do emprendemento. Organización e relacións da empresa co contorno.	14	22
3	A empresa: elección da forma xurídica, constitución e posta en marcha.	Formas xurídicas empresariais e proceso de constitución e posta en marcha asociado a elas	10	16
4	A xestión da empresa	Cuestións esenciais sobre contabilidade e fiscalidade, e sobre a xestión administrativa básica da empresa.	29	46

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
1	Innovación e emprendemento	10

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identificouse o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analizouse o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.

Criterios de avaliación
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector da confección.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negociación no ámbito da confección á medida, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA1.8 Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.

#### 4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de confección (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).</p> <p>A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.</p> <p>Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.</p> <p>A actuación das persoas emprendedoras no sector da confección.</p> <p>O risco como factor inherente á actividade emprendedora.</p> <p>Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.</p> <p>Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.</p> <p>Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito da confección.</p>

#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Da idea de negocio á empresa	14

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de confección en función da súa posible localización.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa confección e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identificáronse, en empresas de confección, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.11 Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de confección, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de confección: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de confección: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.
A persoa empresarial. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	A empresa: elección da forma xurídica, constitución e posta en marcha.	10

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Analízase o concepto de persoa empresarial, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.

Criterios de avaliación
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector da confección.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.5.1 Coñecéronse os aspectos xerais das actividades sometidas ao IRPF
CA3.5.2 Coñecéronse os aspectos xerais das actividades sometidas ao Imposto de Sociedades
CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de confección tendo en conta a súa localización.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Formas xurídicas das empresas.
Responsabilidade legal do empresario.
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
Características da tributación por IRPF
Características da tributación por Imposto de Sociedades
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de confección.

Contidos
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	A xestión da empresa	29

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.1.1 Analizouse o contido dun balance de situación dunha pequena empresa
CA4.1.2 Analizouse o contido da conta de perdas e ganancias dunha pequena empresa
CA4.2 Descríbense as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionadas coa confección, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións trimestrais)
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.



#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector da confección.
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
<b>Contido dun balance de situación</b>
<b>Contido dunha conta de perdas e ganancias</b>
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de confección: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

#### 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

##### MÍNIMOS EXIXIBLES POR UNIDADE DIDÁCTICA

Serán mínimos exixibles os que se relacionan no apartado 4 c) para cada Criterio de Avaliación.

##### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe realizarase de forma continua e personalizada.

A valoración dos aprendizaxes dos/as alumnos/as farase tomando como referencia os CA que contén o decreto de desenvolvemento do curriculum do ciclo . O alumnado será avaliado nas dúas avaliacións establecidas, coincidindo normalmente, cas datas fixadas polo centro.

O instrumentos de avaliación que vou empregar son probas escritas ( pode ser exames escritos, cuestionarios, traballos de investigación, exercicios de resolución práctica ou de cálculo, etc....) Estas probas escritas constarán de unha ou varias cuestións a resolver polo alumno. Poderanse realizar máis dunha proba por cada avaliación contando cunha nota numérica cada unha de elas.

A cualificación de cada avaliación será unha nota numérica entre 1 e 10.

Ao existir dúas avaliacións parciais: primeira e segunda , haberá 2 cualificacións provisionais, unha por avaliación.

En cada avaliación, avalíanse as unidades didácticas completadas que procedan, tendo en conta:

1. Cada U.D. ponderará en función do peso que ten asignado na programación, axustado de forma que o final de cada avaliación acade o 100%.
2. Para aprobar unha avaliación parcial provisional o resultado acadado en cada unha das probas previstas como instrumentos de avaliación ten que ser maior ou igual a 5; pasando a nota da avaliación de provisional a definitiva.
3. Para cada avaliación provisional suspensa estableceuse a súa correspondente recuperación. A cualificación de recuperación (NR) corresponde á cualificación da proba escrita de recuperación. O longo do curso haberá 2 posibles recuperacións con cualificación NR1 e NR2. Entenderase aprobada a recuperación si NR maior ou igual a 5; cualificación que pasaría a definitiva. Para o alumnado non presentado a unha recuperación, a cualificación da avaliación parcial provisional pasará a ser definitiva. Realizada a recuperación dunha avaliación parcial, a cualificación definitiva da mesma será sempre a obtida na recuperación. Chamaremos N1 e N2, as cualificacións definitivas das respectivas avaliacións parciais. Si hai alumnos aprobados que se presentan a subir nota nunha recuperación, quedaralle a nota do exame da recuperación ( aínda que sexa inferior o do exame na que estaba aprobado).

A nota da segunda avaliación parcial para os alumnos que teñen todo módulo aprobado calcúlase coa media das notas de todas as avaliacións::  $calcúlase NF1 = (N1*\%peso + N2*\%peso)$  Este % peso está reflectido na programación en cada UD, entón sumamos as % das unidades que se impartiron nesa avaliación e multiplicamos pola nota que se tiña nesa avaliación, e nas outras igual. Para aprobar debe ser NF1 maior ou igual a 5.

Entre a segunda avaliación e a avaliación final de módulos de curso deixarase un período destinado á realización de actividades de recuperación das partes pendentes. Neste caso elaborárase un informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das actividades de recuperación, o contido deste informe é o recollido na norma que o regula.

#### PROBA DE MELLORA DA CUALIFICACIÓN :

Cando algún alumno teña unha nota superior a 9 na segunda avaliación calculada como se indicou no apartado anterior ( sen facer o redondeo, e dicir, con 8,99 non se faría) daráselle a posibilidade, se o profesor o estima oportuno, de facer unha proba escrita para subir a nota ata un 10.

#### AVALIACIÓN FINAL DO MÓDULO:

A cualificación definitiva da avaliación final ordinaria para os alumnos que teñen o módulo aprobado a nota coincidirá coa da segunda avaliación , calculada esta nota como se indicou anteriormente.

-Se isto non é así, para superalo módulo ten que facer, e aprobar, a proba da materia suspensa no curso durante o período das actividades de recuperación. Elaborárase informe individualizado co contido que

especifica a norma. Neste caso a cualificación final ordinaria sería  $NF = EF$ , onde EF corresponde a cualificación obtida no exame final. Para aprobar é necesario que NF maior ou igual a 5. No caso de que teña algunha avaliación aprobada faise media con esa avaliación ou exame aprobado. (Tamén teremos en conta a % de peso das UD, como se indicou anteriormente).

#### ACLARACIÓNS NO SISTEMA DE CUALIFICACIÓN:

-Si nunha avaliación se fai mais dunha proba, a nota das mesmas debe ser como mínimo 4 para poder facer media entre ambos. Se non chega a 4 nalgunha proba, a avaliación considerase suspensa cunha nota máxima de 4 puntos.

#### TRATAMENTO DOS DECIMAIS:

O cálculo das cualificacións realizarase sempre con dous decimais, que se arrastrarán en tódalas operacións implicadas, axustando as milésimas ás centésimas mais próximas por defecto ou por exceso. Sen embargo, na atribución dunha cualificación a unha avaliación ou recuperación do tipo que sexa, sempre se fará mediante un número enteiro, para o cal o decimal resultante do cálculo descrito no parágrafo anterior axustarase ó enteiro mais próximo por defecto ou exceso; se temos decimais por debaixo de 0,50 poñemos o enteiro inferior, e se temos decimais maiores ou iguais a 0,50 collemos o enteiro superior.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

#### ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN DAS PARTES NON SUPERADAS:

Ao alumnado que non supere algunha avaliación parcial, daránselle as orientacións e apoios necesarios co fin de que poida superala, tendo en conta para iso os mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva.

- As actividades de recuperación ao longo do curso levaranse a cabo da seguinte forma:

- Entrega de material de traballo específico, para o alumnado que o precise.
- Comentario e análise das actividades de recuperación resoltas polo alumnado, e solución de dúbidas.
- Probas de recuperación, similares ás non superadas na avaliación.

#### ALUMNADO CON ALGUNHA AVALIACIÓN PENDIENTE:

No período que media entre a celebración da segunda avaliación parcial e a avaliación final de módulos do curso, o alumnado con algunha avaliación pendente e que non tivese perdido o dereito á avaliación continua deberá realizar actividades de recuperación especificamente deseñadas para ese período e referidas ás partes non superadas. Para tal fin, elaborárase un informe de avaliación individualizado, no deseño do cal se terán en conta os mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva.

As actividades serán valoradas mediante a realización dun exame escrito cun contido acorde ao das actividades de recuperación propostas. En tal exame goberarán as normas contidas nesta programación no referido a criterios de cualificación.

Pola contra, o alumnado que tivese perdido o dereito á avaliación continua deberá realizar, para poder superar o módulo, a proba extraordinaria de avaliación da que se trata na alínea 6.b).

ALUMNADO CO MÓDULO PENDIENTE PARA O CURSO SEGUINTE :

Elaboraráselle un informe individualizado onde se especificará como recuperar o módulo.

#### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

. O alumnado perderá o dereito á avaliación continua cando o numero de faltas non xustificadas sexa do 10% da carga horaria total do módulo (7 sesións de cincuenta minutos), logo de seguirse os procesos de notificación establecidos na normativa reguladora do proceso de avaliación. Na xustificación das faltas, a súa aceptación será acorde co establecido nas normas de organización e funcionamento e convivencia do centro (NOFC) valorándose as circunstancias persoais e laborais do alumnado afectado.

2. Poderase non permitir a realización de determinadas actividades ao alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua, cando o estime oportuno

3. O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua deberá realizar unha proba extraordinaria de avaliación, previa á avaliación final do módulo. Tal proba extraordinaria abranguerá toda a materia impartida durante o curso e poderá constar tanto de preguntas tipo test ou de verdadeiro/falso como de preguntas curtas, preguntas para desenvolver, casos ou supostos prácticos, traballos de investigación....

A data na que se celebrará a proba extraordinaria darase a coñecer ao alumnado mediante anuncio que se expoñerá no taboleiro informativo do centro existente para tal fin.

#### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

A presente programación e a propia práctica docente avaliarase mediante o procedemento establecido polo control do sistema de calidade establecido no centro.

Dito control realízase principalmente por medio do cumprimento dos seguintes documentos:

-Enquisa da avaliación docente ,que é unha auto-avaliación dos alumnos da materia sobre as actividades docente realizadas polo profesor, pasarase voluntariamente unha vez o trimestre.

-Actividades de aula desenvolvidas, faise na web, que recolle a información sistemática sobre as actividades docentes realizadas polo profesor e emitida polo mesmo, para realizar un autocontrol de ditas actividades.

-Recollida de datos para a xunta de avaliación, que recolle as conformidades/non conformidades e as actuacións derivadas das non conformidades referentes ó alumnado (suspensos) e cumprimento da programación.

-Memoria fin de curso, na que, entre outros temas, trátase da porcentaxe da programación impartida, a realización de modificacións na mesma e as propostas de mellora para o seguinte curso académico.

Ademais, na reunión de departamento, ao longo do curso, realizarase o seguimento e control da programación mínimo mensualmente, tomando as medidas oportunas se é o caso.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades, polo tanto serve de diagnóstico de partida para o equipo docente, permitindo adoptar medidas de reforzo educativo ou de flexibilización modular, en ningún caso permitiranse adaptacións curriculares significativas.

Así mesmo deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Neste módulo o procedemento para obter datos para avaliación inicial é o seguinte:

- por medio dunha presentación oral onde se expoñen os seus datos persoais e académicos, que se fai no grupo o primeiro día de clase.
- por medio das fichas do alumnado que se cobren e se rexistran no caderno do profesor .
- por medio dunha proba oral ou escrita que se fará a principios de curso para ver os coñecementos previos dos alumn@s sobre o contido do módulo

Tal proba debe tamén permitir que se detecte a existencia de alumnado que de modo significativo parte dunha situación por riba da media, co fin de poder prever a formulación para este alumnado de actuacións orientadas á excelencia.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Dada a diversidade do alumnado que cursa o módulo, o seguimento do traballo desenvolvido individualmente por cada alumna ou alumno permitirá constatar, máis alá das dificultades para a solución axeitada dalgunha actividade concreta, os casos nos que o alumnado non estea respondendo de modo global aos obxectivos fixados na programación.

No caso de que cando se realiza a proba de avaliación inicial se detecten carencias, actuarase de modo prioritario co alumnado afectado, para que poida superar aquelas carencias básicas e así adquirir os coñecementos e destrezas que son imprescindibles para a realización das actividades programadas.

Nos demais casos, detectadas as necesidades de reforzo, actuarase tratando de facilitarlle ao alumnado que non acada os obxectivos programados a superación das actividades, mediante a proposta de tarefas que presenten un gradual incremento de dificultade na súa realización, tratando de alcanzar, cando menos, o nivel mínimo exixido.

Nun e noutro caso, haberá que valorar o avance que se produce coa aplicación das medidas de reforzo adoptadas.

Por outro lado, en relación co alumnado con especiais capacidades, tamén deberán adoptarse medidas de reforzo. Faríase, de ser o caso, mediante o deseño de tarefas especificamente orientadas á consecución dos maiores logros que as súas altas capacidades lle permiten.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Dada a súa transcendencia de cara ao desenvolvemento integral das persoas, no módulo abordarase con carácter transversal, no desenvolvemento das actividades programadas, a educación nos seguintes valores:

- Contra a violencia de xénero; e pola igualdade de dereitos entre home e muller.
- Plena integración das persoas con diversidade funcional.
- Dereitos humanos.
- Paz e non violencia.
- Dereitos do consumidor.
- Dereitos lingüísticos.
- Respecto ao medio ambiente.



· Diversidade afectivo-sexual

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Para este curso e módulo está planificada a realización dunha actividade : TALLER DE PROCURA DE EMPREGO E EMPRENDEMENTO que se realizará no salón de actos ou noutra aula dispoñible para a súa realización duante a segunda avaliación (marzo) co obxectivo de mellorar o proceso de acceso ó mercado laboral, valorando o auto-emprego como saída laboral